

BASES COMPETICIÓN

LIGA OURO TEMPADA 2025-2026

XUVENIL FEMININO

EQUIPOS PARTICIPANTES			
1	Tecnelsa Asmubal Meaño	6	Hidramaq Deza Bm. Lalín
2	Mecalia Atl. Guardés	7	Escayolas Miguel Santos Bm. Cangas
3	SAR Rodavigo	8	Grupo Lemaco Xiria A
4	Anubia Lavadores Vigo	9	Bm. Porriño
5	Bm. Chapela	10	Calfrima Carballal

1ª FASE OU LIGA REGULAR:

- **Data na que hai que ter a clasificación definitiva para a RFEBM:** 19/04/2026
- **Comezo:** 20-21/09/2025
- **Nº Equipos:** 10
- **Nº Grupos:** 1
- **Formato:** Os dez (10) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.
- **Campión:** 1º clasificado da 1ª Fase ou Liga Regular.
- **Remate 1ª Fase ou Liga Regular:** 15/03/2026
- **Datas reservadas para as Seleccións Galegas, nas que non se poderán disputar encontros:**
 - ❖ 28/09/2025 pola tarde
 - ❖ 05/10/2025 pola tarde
 - ❖ 19/10/2025 pola tarde
 - ❖ Do 31/10/2025 ao 02/11/2025
 - ❖ 23/11/2025 pola tarde
 - ❖ Do 07/12/2025 ao 08/12/2025
 - ❖ 21/12/2025 pola tarde
 - ❖ Do 26/12/2025 ao 28/12/2025

- Datas Liga:**

1ª VOLTA		2ª VOLTA	
XORNADA	DATA	XORNADA	DATA
1	21/09/2025	10	14/12/2025
2	28/09/2025	11	21/12/2025
3	05/10/2025	12	18/01/2026
4	12/10/2025	13	25/01/2026
5	19/10/2025	14	08/02/2026
6	26/10/2025	15	15/02/2026
7	09/11/2025	16	22/02/2026
8	16/11/2025	17	01/03/2026
9	30/11/2025	18	15/03/2026

ELIMINATORIA POLA FINAL 4

- Data:** 21-22/03/2026
- Formato:** A xogarán o 1º clasificado Liga Prata e o 5º ou 6º clasificado da Liga Ouro a partido único, na sede do equipo da Liga Prata.

ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR – 21 ou 22 de marzo 2026			
	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
ELIMINATORIA	1º clasificado Liga Prata	5º/6º Clasificado Liga Ouro	Por determinar

2ª FASE OU FINAL 4

- Datas Final Four:** 28 e 29/03/2026
- Formato:** A disputarán os equipos clasificados en 2º, 3º, 4º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional) posto da 1ª Fase ou Liga Regular e o gañador da Eliminatoria pola Final Four. Xogarase polo sistema de eliminatorias a único partido; semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante unha fin de semana (Sábado e Domingo) nunha mesma sede.

SEMIFINAIS – 28 de marzo 2026			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
SEMIFINAL 1	2º/3º Clasificado	Gañador EFF	Por determinar
SEMIFINAL 2	3º/4º Clasificado	4º/5º Clasificado	Por determinar

3º e 4º POSTO E FINAL – 29 de marzo 2026			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
3º e 4º POSTO	Perdedor semifinal 1	Perdedor semifinal 2	Por determinar
FINAL	Gañador semifinal 1	Gañador semifinal 2	Por determinar

3ª FASE ou FASE ESTATAL:

- Accederá directamente a esta fase o primeiro (1º) Clasificado da 1ª Fase ou Liga Regular da Liga Ouro Xuvenil Feminino e o gañador da Final Four.
- No caso de que a RFEBM outorgue unha terceira praza (ou máis) para o sector nacional, o 1º e 2º (ou postos sucesivos) clasificados da Liga accederán directamente ao sector, e a Final Four a disputarán o 3º, 4º, 5º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional) da Liga e o gañador da eliminatoria pola Final Four. Sempre e cando a Federación Galega de Balonmán cumpra cos requisitos para obter esa segunda praza que dá acceso a Fase Estatal.

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- A Final Four será a competición que determine a clasificación final da tempada 24-25 nos postos do 2º ao 5º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional).
- No caso de que a Federación Galega de Balonmán dispoña de prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional, estas iranse outorgando en función da clasificación final da tempada 25-26, dependendo das prazas outorgadas pola RFEBM.
- O seguro deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de agosto de 2025, e todos os xogadores/as deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.
- Os criterios de desempate desta competición atópanse no NOREBA-GA.

DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS:

Todas as cuestións que non se atopen recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.